

PROXECTO DE ESCOLARIZACION PRAS ZONAS DE MONTAÑA: Pequenas concentraciós



PRIMEIRA PARTE:

Crítica ó réxime de “Escuela-Hogar”

INTRODUCCION:

Partimos de que é incoherente que se xustifique o réxime de “Escuela Hogar” coma o único valedeiro prás zonas de alta montaña, polo feito de presentaren unhas características de seu que non se axustan a xeito co esquema que rixe noutras rexións nas que a planificación escolar, tal como espón a Lei Xeral de Educación, está máis ou menos axeitada á realidade.

Cando se debiera principiar polo respecto ás peculiaridades de cada zona e axeitarse ós seus condicionantes, no noso caso trócanse os termos chegando á esixenza de que sexa o elemento humano o que se axuste ós condicionamentos dun pran determinado, prescindíndose en cheo da participación dos pais e dos profesionáís do ensino, lexítimos coñecedores da realidade educativa, ós que por principio democrático non se lles pode negar, como veu a facerse deica agora, a participación na planificación do ensino, substituíndoos por falsas representacións que manexan dende os laboratorios ministeriais e as súas delegacións a política educativa, coma se isto fora escrusiva competencia de seu.

A primeira contradición xa ven de facer ás carreiras ditas concentraciós, matinaldas coma prans de emerxencia pra solucionar un problema técnico do MEC ante a imposibilidade de levar adiante o programa de concentraciós por non esistire unha infraestrutura viaria.

Este problema ven de querer imprantar a oito unha Lei Xeral de Educación de costas ás peculiaridades do noso país.

Este réxime de escolarización linda os seus obxetivos a impartir os oito niveis de EXB sinalados na lei, sen tere en conta tódolos presupostos educativos e os antecedentes pedagóxicos que ísta require, sendo somentes un sistema arbitrario de concentración economizadora de escolante e nenos, sen prantexárense outras alternativas máis racionais.

ANALISE DOS PERXUICIOS QUE ORIXINA UN REXIME DE “ESCUELA-HOGAR”

1.º.—Desintegración psicoafectiva do neno, por mor de:

a) **Desarraigo familiar:** O feito de non dispoñer dun punto de apoio esencial nun intre decisivo pró seu desenrolo afectivo e intelectual, orixinará unha situación anómala e perturbadora do seu estado anímico, predispoñendo, en moitos casos, unha míngoa das súas facultades e unha represión das súas inquedanzas persoáis por mor da inibición que sofre a personalidade; así, o neno desambientado e fallo de motivaciós, aférrase, no millor dos casos, na mera instrucción: estudar prós exames, xa que non teñen estímulos que avivezan a realización da súa persoa.

Por outra banda non se ten en conta un dos principios fundamentáis da psicoloxía: a interacción escola-familia. Tódolos ensaios de psicoloxía acontemporánea, e os científicos de creto irrevocábel: Wallon, Gesell, Freud, Piaget, etc., demostran a importancia desta base, na que se asenta o equilibrio psicoafectivo do neno

e cuio desartellamento enxendra xeralmente traumas que vai aturar toda a súa vida.

A pesares de tódalas atencións humanas e de tódolos paliativos de medios materiais que se poñan ao servicio dunha “Escuela-Hogar”, é de todos xeitos difícil acadalo ambiente axeitado pró neno, de xeito que substitúa o ambiente dunha familia normal, tal como se reflexa por xeral nos réximes de “Escuela Hogar” que deica hoxe se teñen imprantado.

b) **Desvencello do medio natural e social:** Ao trasplantar ao neno do seu medio natural e social sofre a ruptura das relacións que foron o seu colo máis entrañábel, onde forxou as súas primeiras esperiencias e vivencias e onde fixo os seus tanteos do mundo. Este trasplante pode, posíbel e probabelmente, provocar un rexeitar emotivo asegún se detecta en considerábel proporción de casos acretados nos traballos dos científicos devanditos. Deste xeito desnaturalízase todo labor educativo e prívase o desenrolo dunha infancia espontánea,



¿Qué é unha "Escuela-Hogar"? Algo que ten pouco de escola e nin ren de fogar

base das novas directrices pedagóxicas. Existen moitos factores que son impedimentos pra que unha infancia espontánea poida desenrolarse nun sistema educativo de acuartelamento como o que impón un réxime de "Escuela Hogar". En primeiro lugar xa supón un encerro para o neno: as relacións co mundo de fora cóntanse quedan fanadas, polo tanto as experiencias de cotío dunha persoa normal, míngoanse as súas vivencias. O neno non se enriquece socialmente namáis que na convivencia de compañeirismo; queda ao marxe de vivir a realidade actual do seu pobo. Os seus xogos e divertimentos están coutados nun recinto. A opción das súas iniciativas fica encadrada nun espacio e nun ambiente determinados e invariábeis ao traveso de toda a semán.

Hemos ter en conta que a anguria de se sentiren encraustrados é un sufrimento normal nos nenos internos (senalamos que no millor dos casos se lles permite saír un día ou dous á semán, cando fai bon tempo, en grupos máis ou menos controlados e a lugares determinados).

2.º.—Obstaculiza unha educación personalizada.

a) Esta educación non arrinca da realidade do neno.

G. Milaret, Freinet, Piaget e a moderna pedagogía científica dan fe de como "a reacción funcional do neno só acada o seu pleno rendimento se é que se suscitan os moveis autónomos desta actividade", este desenrolo das funcións mentais e a adquisición de coñecementos é produto dunha práctica que será afeitiva se é a partir do mesmo mundo do neno, onde él pode actuar de cheo e verquer todo un complexo de emocións, anxeios i experiencias, xa que ningún ambiente, fora do seu, pódelle ofrecer tan clima de seguridade, fianza e motivación.

Polo tanto, a calidade do ensino queda coutada ao cerra-las experiencias do neno, illándoo do entorno de seu, afundíndose no intre crítico do desenrolo do coñecemento nun ensino acientífico, desvencellado da idiosincrasia do neno e tendente á estereotipificación.

b) Fánase a apertura do neno a outros medios

Se se quer unha ampla realización da persoa aberta e predisposta aos distintos medios, ambientes e circunstancias da vida, así como unha proxección a outros mundos, estamos na liña de non fanar ningunha dimensión persoal nin social do individuo; mais esta proxección (que non quer decir desvencellamento do seu medio) só se pode acadar de seu cando se parte dunha base rexa, argumentada na propia realidade do neno, xa que, por principio pedagóxico, temos de partir do propio mundo do neno pra que chegue a se proxectar noutros.

Desde que o neno se fai bon coñecedor, investigador i elaborador do seu mundo pode dempóis moverse con seguridade noutro calquera, pois que xa ten desenroladas unhas facultades efectivas pra elo, acadou seguridade en sí mesmo e o asentamento da súa personalidade. A partires de aquí poderá actuar con tódolas súas



Todos istes nenos de Ancares (Cervantes) pasan o curso internos na "Escuela-Hogar" de Sarria, a 80 kilómetro das súas casas

facultades no mundo que escolla pró seu futuro.

Este aspecto non pode madurecer en tal dimensión co plan criticado, xa que ao neno se lle merma seguridade, por non apousarse na súa realidade, vive nunha estancia artificial e o seu traballo non está proxectado nin ten tomado corpo na súa propia vida, por mor deso a grande proporción de alumnos inmaduros que saen dos nosos colexios.

c) **O problema da inadaptación.**

En considerábel porcentaxe de casos os nosos nenos sofren un choque ao teren que afacerse temporalmente a dous ambientes desemeillantes como son: o mundo artificial que se lles fai no internado e o mundo de seu que é o da súa familia e do seu pobo, esta dualidade chega en casos a motivar unha dispersión do neno, ocasionando unha desintegración da súa persoalidade.

3.º.—**A familia queda desvencellada do proceso educativo.**

a) Dádolos afastamentos materiais e institucionais que se impoñen é imposible un elemental contacto entre pais e mestres, pra seguire coa mínima participación no desenvolvemento dos seus fillos, así coma a súa ambientación e complemento da educación, quedando ao marxe un dereito familiar e un punto básico da educación.

b) Outro aspecto que compre ter en conta é o sufrimento moral e desacougo que supón pra pais e fillos o ter que arredarse dende a súa tenra infancia.

4.º.—**Sagrificio que se esixe aos nenos.**

Deste tipo de concentracións que abranxe un radio de acción largacío dabondo, xurden dúas nefastas solucións:

a) **O internamento** prós nenos dos pobos máis lonxanos; esto é resultado: primeiro de ser centro único para toda a bisbarra; e segundo, de non estabelecerse nun lugar estratéxico xeográficamente, sinon nas capitais dos concellos aos que se chega por un vía principal, na maior parte dos casos única, sen ter en conta a cantidade de pequenos pobos que hai ao seu arredor, dado o espallamento do habitat galego.

b) Pra outros nenos un **axeitado transporte diario**, este transporte é trabaloso porque se fai en autocares grandes que non entran aos pobos. Moitos nenos teñen que andar grandes traxectos por camiños penosos, sair á mañá cedo e voltar á noite ás súas casas, comprindo decote que os leven os seus pais pra chegaren alí onde os recolla o autocar, proseguindo dempóis a segunda parte dunha cansa viaxe.

Se alén desto coidamos nas condicións climatolóxicas do noso país, podemos doadamente decatarnos que isto é antihumano e antipedagóxico pois tal descontrol repercute gravemente no rendimento e na saúde do neno.

5.º.—**Abandono da educación preescolar.**

A Lei Xeral de Educación non conta con que nas “Escuelas Hogar” haxa preescolar en réxime de internado ou con transporte escolar xa que non se conta con que os autobuses leven nenos de menos de seis anos, e ista medida é un acento nos dous puntos devanditos, xa que:

a) O internamento sería máis que monstruoso nesta idade.

b) Non se pode someter a un transporte das devanditas características a estes nenos.


Ditas medidas fan que os parvularios nas concentracións só atendan aos que viven perto do centro. Diste xeito a maioría dos nenos non teñen preescolar, ficando desatendida unha fase tan importante da vida como é dende os dous aos seis anos, etapa na que o neno desenrola as básicas facultades i está máis aberto pra acadar unha formación dende o punto de vista motrice, lingüístico, intelectual, de atención, sensorial, de ouservación, etc. Isto conleva unha meirande dificultade pra afacerse no intre de acollerse ao primeiro nivel de EXB.

6.º.—**Solución masificadora.**

No aspecto humano, concentracións tan disconformes coma as que require este sistema, fai que a socialización perda as súas virtudes quedando nunha desperoalización e tipificación dos nenos, xa que a toma de contacto social vai ser tan fría e superficial que non pode ser constructiva nas primeiras etapas da educación, cando o neno ten que forxar vivencias moi achegadas.



“Escuela-Hogar”. Veleiquí uns nenos que non xantan coa familia



¿Por qué pechalos nunha "Escuela-Hogar"?

7.º.—Consecuencias prá sociedade na que o neno se desenvolve.

a) Os pobos quedan sin nenos xa que serán acuartelados nos grupos, feito que conleva o envellecemento moral e físico da poboación.

b) A dependencia do medio rural verbo dos núcleos que arrecadan tódalas funcións cívicas, agrávase aínda máis. Os pobos perden a súa cidadanía e deixan de ser comunidades vivas pra ficaren nun fato de veciños, deste xeito destrúense as máis naturais estruturas sociais.

O plan de escolarización que supón a "Escuela Hogar" está na mesma liña de tódalas desaxetadas medidas que se tomaron no proceso destructivo a que foi sometida a sociedade rural galega ao seguir prescindindo dun aspecto tan esencial como é non recoñecer unha realidade social que é a parroquia, "institución que arrecada a vida cívica do espallado habitat" e que foi privada das súas funcións ao non ser recoñecida a súa entidade xurídico-administrativa nin promocionada culturalmente, pasando ao total asoballamento duns centros rexidores de todas estas funcións e totalmente desvencelladas delas.

c) Este plan non respeta a estrutura socioeconómica, ao seren afincados os centros en núcleos capitalidades de concello, onde se desenvolven actividades de costas ao campo.

d) Lévanse dos pobos as incidencias culturais máis directas coma poden ser: o contacto coa escola e a influencia que poden te-los nenos e os mestres.

e) **Desarraigo do neno:** por descoñecemento da realidade e do ambiente do que procede o neno, sofre un desleigamento, pois a falla de contacto directo coa problemática de seu, obstaculízalle ao neno a toma de conciencia cara unha socialización auténtica e comprometida.

Deste xeito a escola, por non vencellarse á vida das aldeas, fai vivir ao neno nun "invernadeiro" ou nun

medio artificial que vai facer dél un desleigado e un alleiro, xa que se desenrola arredado do seu eido. Este desvencello potencia a disposición a emigrar ou a un desarraigo social, que é o derradeiro ao que se pode chegar en calquera proceso educativo..., a negación de oportunidades para promover o mundo rural é unha clara contradición cos obxetivos da L.X.E.

8.º.—Condicionamento ambiental do edificio escolar

Nos centros construídos deica hoxe, non se tivo en conta o influxo que o edificio escolar ten sobo do psiquismo infantil e adulto. Todo edificio adicado a centro de educación deberá axeitarse ás condicións naturais do medio no que está afincado, ademais de proporcionar unha funcionalidade e ofrecer un ambiente familiar san e agradábel que repercuta favoravelmente no rendimento escolar.

9.º.—Incidencia no aspecto psicosociolóxico.

Por non basearse o criticado plan no principio que debe cumprir toda planificación racional de respecto ás características naturais e á configuración social de cada lugar, estáse prescindindo das esixencias específicas dunha realidade e son traicionados presupostos tan irrevocábeis coma estes:

a) Non se ten en conta que dita realidade topográfica condiciona unha estrutura social na que é vital a relación entre os pobos máis próximos, o que esixe o respecto a un sistema de vida e a unhas pautas de comportamento convivencial.

b) Existe unha modulación psíquica tan de seu coma o mesmo entorno que condiciona ao home: atopámonos montañas adiante cunha idiosincrasia ben definida polo encadre íntimo no que se moldeou o espírito destas xentes que viven en fonda simbiose co seu medio; toda a natureza que as arrodea latexa na súa vida. Xebrar tan fonda unidade supón o profana-la integridade destes homes, e preséntasenos esta amenaza ao intentaren trasprantar aos nenos no intre máis crítico da súa vida emotiva, cando a súa afectividade adquire unha intensidade suma, e tódolos seus coñecementos son un entramado de subxetividade, xa que pró neno, no seu mundo, cada pedra, cada arbore, cada casa ou cada camiño, teñen a máis perfecta posición chea de figuracións e soños, e dende esta configuración ideal él, tanto percibe tantas espresións pode ter unha paisaxe asegún o sol vai revirando cada día, coma monta unha fabulación de persoaxes a partires das persoas máis achegadas ás que quer e admira. Estas vivencias na intimidade fonda do home só se afincan cando dende neno se sinte encarnado nun mundo no que puido forxar espon-



A relación entre escolas mantén a comunicación entre pobos. (Nenos de tres escolas de Cervantes)

táneamente unha infancia ceibe doutras imposicións alleas ao seu medio. Unha rachadela que raxe esta “urdime consustancial” é unha verdadeira fanadura que dá na consecuencia máis drástica: unha educación deshumanizada i esnaquizadora da personalidade dos pobos.

c) Cada grupo de pobos colindantes a unha verquente montañosa, circunscritos polos mesmos factores topográficos e climáticos, desenvólvense nunha organización de íntimos vencellos, formando unha civilización de anterga raigame, i esta se se aparte de axentes e obxetivos alleos pode ser estragada, pero andexamáis promocionada, posto que, só existe un xeito racional pra chegar á súa promoción: partir dela mesma potenciando tódolos seus elementos. Se só amparando a peculiaridade de cada pobo estáse na liña de desenrolo humano, un sistema de educación ten que encaixar nestes presupostos os seus plans de escolarización.

Pola contra, o plan que se nos impón conleva unha educación encamiñada a tólle-la personalidade de individuo ao desarraigalo da súa orixe social, desartellando todo o seu complexo cívico e maila súa identidade.

Pedimos, polo tanto, plans que se axeiten a cada mundo e que teñan por obxectivo prantexárense coma elementos indispensábeis pró fomento dos pobos que só existen coma zonas xeográficas por natureza definidas.

O “PORQUE” DA “ESCUELA HOGAR”

Despóis de feito o análise sobor da nosa realidade social no aspecto educativo, descúbrense claramente que para levar adiante o criticado proxecto non se tiveron en conta os factores fundamentais i esenciais da realidade concreta para unha óptima planificación de centros educativos, senon que, o que provoca tal decisión é, pola contra, o descoñecemento desa realidade, adoptando solucións teóricas que non sirven para cumprir o fin que as motiva, pretendendo xustificar tal decisión

coa mellora discriminada de outros aspectos sociais, alleos totalmente ao tema educativo.

Planifícase teóricamente, e a decisión xustifícase polos efectos desta, xeralmente alleos ao aspecto planificado, mentras que a planificación debere se-la consecuencia dun estudo consciente da realidade para resolver-los problemas prantexados nela.

Esta inercia en facer mal as cousas está influida por hábitos clásicos de comportamento na toma de decisións dos que podemos concretar como máis importantes os seguintes, e que convén desterrar o antes posibel:

— **Ineficacia da Administración**, adoptando as solucións mais doadas, por moverse sempre na toma de decisións en circunstancias coiunturais e de présa na súa actuación, para xustificar nun tempo concreto un intrés de grupo tamén concreto.

— **Intréses particulares** infruintes que prevén, ca toma destas decisións, unha mellora cómoda nas suas circunstancias persoais a corto plazo.

— **Falla dun análise** da rentabilidade social do realizado, sendo substituído normalmente por unha contemplación sensual de “grande obra” realizada.

GRUPO DE MESTRES DA MONTAÑA LUGUESA

Nota: Se alguén quere profundar máis neste asunto pode poñerse en contacto con Alicia López Pardo: Rubián de Cima (Lugo).



A escola conserva a vida dos pobos

PROXECTO DE ESCOLARIZACION

PRAS ZONAS DA MONTAÑA:

PEQUENAS CONCENTRACIONES



2.^a PARTE: ALTERNATIVAS E BASES QUE AS XUSTIFICAN

Por non axeitarse á nosa realidade o plan disposto, acollémonos a un principio fundamental da educación, que establece que ésta ten que partir do que o neno é, e toda a súa proxección deberá incidir no seu mundo.

A L.X.E., claramente feita dende o poder político sen participación dos sectores verdadeiramente interesados, non é consecuente coa realidade galega ao impoñer un sistema de educación uniforme para todo o Estado Español.

Unha planificación disposta dende Madrid non permite a aproximación da educación ao mundo dos nenos senón que existe seren éstos os que se desplacen en percura dunha educación non matizada para eles.

Para impedirmos que tal monstruosidade chegue aos seus efectos, a máis de rexeitar o devandito plan, propoñemos unha alternativa que veña dos verdadeiros intereses populares:

PLANIFICACION DE PEQUENAS CONCENTRACIONES, axeitando, no que compre, o calendario e o horario escolar as esixencias climatolóxicas destas zonas.

Creando o número de centros necesarios para cada zona.

Adaptando o número de unidades á cantidade de alumnos por nivel a partires dun tope mínimo de catro unidades ampliables asegún cada caso.

Contando coas instalacións necesarias para poder levar adiante as actividades que esixe a planificación educativa e as vivendas para

acoller ao personal docente.

PEQUENAS CONCENTRACIONES

Razóns que as xustifican:

1.^o.—Supoñer o único xeito de axustarse ás esixencias da nosa xeografía. Ao poder afinar o centro nos puntos estratéxicos de cada zona, queda minimizado o problema do transporte escolar en todos os seus aspectos.

Moito máis importante é evitar internamentos dos nenos, ao deixarlles ir decote aos seus fogares, pois aínda nos pobos con máis difíceis accesos, pódese facer o transporte con vehículos "todo terreo".

2.^o.—É a maneira de rematar con concentracións de dimensións colosais, de gran centro, que aglutinan todo un municipio e substituílas por pequenas concentracións máis funcionais que supoñen o único plan racional de escolarización, aínda con todas as específicas dificultades que presentan estas zonas.

É un plan máis eficaz e polo tanto, aínda

que difícil, é factíbel sempre que nos paremos a facer unha concienzuda análise das circunstancias con vontade de superalas, e sempre

que non se nos poña por diante o factor "economizante" dun sistema de educación "compensatorio" a prazo inmediato.

Xa que nunha planificación educativa non se poden regatear medios discriminando a unhas zonas rurais xa discriminadas, mentras noutros sectores non se poñen limitacións e as cousas fanse sin escatimar ningún recurso.

Tampouco se pode permitir unha educación de terceira categoría para as zonas máis atrasadas polo feito de que resulte cara, cando é fundamental plantexarse o promocionar a estas xentes polos vieiros da educación.

Polo referente aos costes, que isto supoña, non se poden xeralizar unhas premisas que non se conceden dabondo, que serían distintas en cada caso: nunhas ocasións os costes encaráncense debido ás dificultades do transporte, mentras que noutras economízase ao evitar os internados simplificar as distancias e diminuír o persoal docente.

3.^o.—A calidade do ensino ven determinada polas circunstancias que conleva este plan.

Só con este plan se pode levar a cabo un ensino racional por ser o que permite unha educación integral asegún as seguintes razóns:

a) Supón a integridade psicoafectiva do neno, ao permitirle un desenrolo natural dentro do seu ambiente e calor familiar.

Respecta o marco natural e social do neno, única forma para que a educación arrinque das súas vivencias i esperiencias e polo tanto sexa natural e científica. En resumen, pode levarse a cabo unha educación *personalizada*.

b) A sociedade non se resinte por non sufrir o esterminio que supón privala dos nenos.

Os nenos conviven nos seus pobos, a escola pode influir no fomento cultural destes, xa que os nenos levan cada día a proxección do ambiente escolar.

Por outra banda os mestres poden cumprir o seu papel de orientadores dos pais, a base dun contacto regular con iles, preparándoos para a súa función de educadores. Pois temos que contar con que nestas zonas o atraso cultural é un dos factores máis negativos para o desenrolo normal do neno, dado que o ambiente familiar acostuma a ser moi deficiente en todos os aspectos. Deí a importancia que ten a laboura dos mestres na mentalización dos pais, no que respecta a educación e o trato dos seus fillos.

c) Respétase a misión familiar ao participar na educación dos seus fillos seguindo todos os pormenores da súa evolución, en contacto directo cos mestres.

Evítase tamén o sofrimento moral que supón arredar pais e fillos.

d) O neno desenvólvese dentro da súa problemática socioeconómica da que se fará





A escola rural estropear a paisaxe

cárego ao longo da súa concienciación cara ao futuro. Deste xeito respétase e desenrólase a súa propia cultura e prepárase ao individuo como axente promotor do seu medio.

e) Eliminación os longos e cansos desplazamentos que repercuten no rendimento escolar e na súa saúde do neno ao non ter que sufrir un longo viaxe para chegaren ó colexio.

f) Aténdese á Educación Preescolar. Só deste xeito é factíbel que os párvulos se podan desplazar aos respectivos centros.

g) Estes edificios poden ser utilizados para todo tipo de actividades que promocionen a xentes novas e aos maiores, carentes de todo posibilidade de formación e actualización cultural, xa que aínda nestes tempos as nosas aldeas siguen alleas á cultura, e as súas xentes asoballadas na ignorancia de todo o que non pertezca ao seu mundo.

CONCLUSION

PERANTE AS PEQUENAS CONCENTRACIONES NESTAS ZONAS DE ESCASA POBOACION, ATOPÁMONOS CONQUE NON SE ABRANGUE O NUMERO DE 320 NENOS SINALADO POLA LEI COMO IDONEO, PERO COIDAMOS QUE ISTO NON SE DEBE ESTABELECECER CON TOPES MINIMOS, XA QUE TEMOS QUE IR POR UNHA NOVA PLANIFICACION QUE BOTE FORA AS DIRECTRICES DA LEI, POIS NON PODEMOS SEGUIR ENTUMECIDOS POLOS RIGORES DUNHA LEI QUE NON SE AXUSTA A REALIDADE GALEGA.

SI NON E PRECISO IR CARA A UNHA NOVA NORMATIVA DA POLITICA EDUCATIVA, O QUE REQUIRE UNHAS NOVAS BASES QUE ESTRUCTUREN DEBIDAMENTE OS PLANS DE ESCOLARIZACION.

SI SE TRATA DE ATENDER UNS NIVEIS DE ENSINO DE ACORDO COS TEMPOS ACTUAIS, E PREFERIBEL CONDICIONAR AO PERSOAL DOCENTE A ESTAS CIRCUNSTANCIAS, MEDIANTE UNHA ORGANIZACION PECULIAR DOS CENTROS. POIS SI OS FINS DA EDU-

CACION SON INSUBORDINABEIS, NON SE PODEN SUPEDITAR OS SEUS OBXECTIVOS FUNDAMENTAIS A UN ESQUEMA PRACTICO PARA A ADEMINISTRACION E DOADO PARA O PERSOL DOCENTE, SI ESTO VAI EN PERXUICIO DOS RECEPTORES DO ENSINO.

COIDAMOS QUE TODO ISTO E FACTIBEL, E A REALIZACION DESTE PROXECTO DEPENDE DE QUE O M.E.C. SE PRONUNCIE ENCOL DAS SITUACIONES ESPECIFICAS DO NOSO PAIS, TENDO EN CONTA QUE UNHA POLITICA EDUCATIVA DE CONCENTRACIONES ESCOLARES, DESVENCILLADA DUNHA POLITICA DE TOTAL DESENVOLVEMENTO RESULTARIA REGRESIVA; XA QUE SO PODE ACADARSE UN AUTENTICO DESENROLO PLANIFICANDO INTEGRAMENTE DENTRO DUNHA ORDEACION TERRITORIAL, SOCIOECONO-

tecnicas
FGCUC92
reinet

MICA E CULTURAL CONXUNTA, E NON POR FACETAS QUE LOGO SE CONTRADIGAN.

CO QUE QUEREMOS MANIFESTAR QUE NON DEBE PRECIPITARSE UNHA ESCOLARIZACION COAS CARACTERISTICAS DO PLAN CRITICADO, MENTRAS NON SE PRANTEXEN SERIAMENTE TODOS OS PROBLEMAS DA ALTA MONTANA, POIS O UNECO QUE SE FARIA SERIA REMEDIAR UN MAL CON OUTRO.

PEDIMOS QUE SE ESCOMENCE POR DESARTELLAR UNS MODELOS DE ESCOLARIZACION TAN IRRACIONAIS, COMA OS QUE SE ESTAN LEVANDO A CABO, E SE PLANIFIQUE DENTRO DUN SISTEMA CONFORME COA DIVERSIDADE DA PROBLEMATICA GALEGA.



O MEC está moi lonxe destes nenos

DEZ
PESOS

AS ROLADAS 2

Apartado
577
VIGO

REVISTA PEDAGOXICA GALEGA. N.º 1

MOVEMENTO COOPERATIVO DA ESCOLA POPULAR GALEGA

